

...TRAMITACIONES NECESARIAS

→ Más información:

Segundo a *Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia* e o *Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma*, é preciso obter autorización previa para a realización e dirección das actividades arqueolóxicas de prospección, sondaxes, escavacións, control de obra, restauración, etc. A concesión desta autorización é competencia da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (DXPC) da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

Esta mesma lexislación establece a obriga de entregar unha Memoria Técnica, que recolla todos os resultados da intervención, ó remate da actuación autorizada.

Por estas razóns, para poder executar a maior parte dos traballos arqueolóxicos (agás no caso de informes de valoración ou estudos técnicos internos) é preciso cumprir unha serie de pasos, que son obrigatorios e consecutivos, e que van na seguinte orde:

- 1 **Proxecto de Actuación arqueolóxica:** documento elaborado polo arqueólogo que se vaia a encargar da dirección da actividade en cuestión. Nel especificase o tipo de actuación a executar, razóns polas que se fai, localización xeográfica dos traballos e metodoloxía a empregar, acompañado polos planos xerais e de detalle que se crean necesarios para a mellor explicación dos traballos. Debe incluír igualmente o presuposto económico da intervención, así coma unha previsión temporal (expresada en días ou xornadas laborais). Ten que ir acompañado dun escrito, asinado polo promotor ou propietario das obras, no que conste que asume o custe económico da parte arqueolóxica e autoriza ó equipo técnico designado no Proxecto a acceder ós terreos en cuestión. Este Proxecto de Actuación é o que permite obter a autorización por parte da DXPC, e debe ser entregado no Rexistro da administración competente (Xunta de Galicia ou as respectivas Delegacións Territoriais). En DOA podemos encargarnos de realizar estas xestións persoalmente, facilitando un exemplar do Proxecto ó promotor así como o xustificante oficial da entrada en Rexistro desa documentación.
- 2 **Obtención da Autorización por parte da DXPC:** despois de ter entregado o Proxecto en rexistro e nun prazo moi variable, en función de cada administración (polo xeral, entre 1 e 5 semanas), a DXPC remitirá un escrito no que autoriza a realización dos traballos arqueolóxicos solicitados. Esta Resolución é enviada tanto ó arqueólogo como ó promotor (a partir dese momento poderá obterse a licenza municipal de obra, se existise tal condicionante previo).
- 3 **Traballo arqueolóxico de campo:** dende que se conta coa autorización da DXPC, xa é posible iniciar a actuación arqueolóxica, que se desenvolverá segundo os prazos e características que se detallaban no Proxecto de Actuación. No caso dos controles de obra, é evidente que o arqueólogo non poderá actuar ata que dean comezo os traballos de remoción, factor que depende en exclusiva do propietario ou promotor dos mesmos. O arqueólogo director da intervención será o encargado de comunicar as datas de inicio e finalización das tarefas ante a DXPC.
- 4 **Informe ou Memoria Final:** é o documento onde o arqueólogo debe recoller os resultados da súa intervención, cos detalles gráficos e planimétricos necesarios para o seu bo entendemento. Nel deberá especificarse tamén a duración que finalmente acadaron os traballos, así coma o persoal técnico que participou nos mesmos. Acompañado por escrito asinado polo promotor, debe ser remitido tamén á DXPC, mediante entrega no Rexistro da administración correspondente. Enténdese como a certificación do remate definitivo da intervención arqueolóxica autorizada.

Para poder empezar con todo este procedemento, o promotor deberá ter aceptado o presuposto arqueolóxico que a empresa lle facilite. O asesoramento previo é moi importante para axustar o noso traballo ás necesidades de cada obra, polo que en DOA sempre insistiremos neste apartado: canto máis coñezamos o tipo e características da obra, mellor poderemos planificar e aconsellar.